



Boletín Informativo

Juan María Empleo

Limpeza de viais

Juan María Empleo segue crescendo, este ano catro rapaces acompañados dun monitor iniciaron novo contrato co Concello de Nigrán.

Son os encargados da limpeza dos viais do Polígono Porto do Molle.
Unha excelente oportunidade laboral.



Viaxe a Londres

En outubro un grupo de usuarios do centro, acompañados de tres monitoras, tiveron a oportunidade de viaxar e coñecer Londres.

Unha experiencia inolvidable!!



Centro Educativo Juan María

Campamento Urbano xuño e xullo

Durante a última semana de xuño e mais o mes de xullo realizamos un campamento urbano. Como novidade, este ano desfrutamos dunha quedada nocturna no centro, fixemos un xogo de pistas e sesión de cine, para despois durmir no centro.

Pasámolo xenial!



Musicoterapia

Este curso retomamos a actividade de musicoterapia, cada semana coñecemos un instrumento novo e traballamos sobre el.



Terapia con cans

Este ano como novidade dispomos da actividade extraescolar de Terapia con cans. Cada luns en horario de 15:30 a 17:00 horas os rapaces e rapazas desfrutan realizando diferentes xogos e actividades cos cans terapéuticos ao tempo que aprenden.



Centro Educativo Juan María

Concurso Postais R.C. Celta

Os nenos e nenas do centro educativo con idades comprendidas entre os 6 e 14 anos , participaron no concurso de Postais do Real Club Celta de Vigo. Gañamos tres dos catro premios que se concederon.

Paula Paz Abreu e Féliz Massó Roig, foron os gañadores das súas categorías. Darío Pacios Díaz foi o gañador absoluto, a súa postal será a que o Real Club Celta empregará para felicitar os seus socios. Parabéns aos tres!!!



Subvención biblioteca

Este ano presentámonos o PALMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) e conseguimos unha subvención.

Xa empezamos a mellorar a nosa biblioteca; mercamos contos e libros novos, elaboramos os carnés de biblioteca...



Festa de Nadal

Un ano mais celebramos a festa de nadal no parque de bolas Indiana Bill de A Ramallosa. Pasámolo moi ben xogando nas bolas, bailando na discoteca e disfrutamos dunha merenda. Tamén tivemos a visita de Papá Noel que nos trouxo un agasallo, que ben o pasamos!!



Centro Ocupacional e de Día Juan María

Talleres

Carpintería

Dende o taller de carpintería fíxase entrega de mais de 1000 marcos para empresar da zona e sobre 5000 caixas para os produtos da empresa RESETEA



Grupo formación para o emprego

Dende o grupo de formación para o emprego entregáronse mais de 28000 pezas para MARINE INSTRUMENTS



OVALMI

Tódolos talleres participaron na elaboración e entrega dos detalles que OVALMI entregou aos seus asociados para as campañas do Día da Nai e de Nadal.



Eco-taller, manualidades e habilidades sociais

Estes tres talleres participaron na elaboración de mais de 500 unidades de xabóns, chaveiros, etc, para vodas, bautizos, comunións e outras celebracións.



Baltar abogados

Un ano mais, o grupo de habilidades sociais participou no empaquetado e na entrega das axendas coas que Baltar Abogados obsequia os seus clientes..



Centro Ocupacional e de Día Juan María

Deporte

Príncipe de Asturias

Un ano mais, participamos na regata Príncipe de Asturias, e aínda que non puidemos terminala debido a ausencia de vento pasámolo moi ben!



Surf

Acudimos a unha actividade de surf organizada por Prado Surf Escola, unha experiencia maravillosa!



Actividades na comunidade

Talleres para nenos e nenas

Durante o mes de xullo no entorno da caseta Juan María en Ramallosa e en Gondomar compartimos actividades cos nenos e nenas da zona e de algúns campamentos urbanos do Val Miñor



Centro Juan María

Melloras no centro

Cociña

Durante o verán reformouse totalmente a cociña do noso centro.



Invernadoiro

Contamos cun novo invernadoiro totalmente equipado, que estamos pondo en marcha, grazas a Fundación ONCE e a familia do noso usuario Jose Araujo que nos prestou o terreo. Moitas gracias!

Biblioteca

Durante o verán tamén se reformou a biblioteca do centro, conseguindo un espazo mais moderno e accesible.



Novos colaboradores

Bader Dental

A empresa Bader Dental encargounos o empaquetado de mais de 900 unidades de bolsas cos seus produtos.



Autogestores

Cumplimos 10 anos

O noso grupo de Autogestores está de aniversario, cumplimos 10 anos de autoxestión! Parabéns!



Horacio viaxou a Logroño

Horacio estivo en Logroño participando na Feira de Transformación organizada por GADIR.



Centro Juan María

Reporteros en Red

Entrevista María Castro

O día 14 de setembro a actriz María Castro estivo en Baiona acompañada da súa parella plantando 100 árbores cos veciños. Os nosos reporteiros tiveron a oportunidade de entrevistala, falounos dos seus inicios como actriz, da súa voda e dos seus plans de futuro.



El Correo Gallego

O 17 de decembro publicouse unha noticia no xornal El Correo Gallego sobre o proxecto de Reporteros en Red.

www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/campeones-gallegos-inclusion/IdEdicion-2018-12-17/IdNoticia-1154573



Inclusión

Colegio Compañía de María

Un grupo de alumnos/as do Colegio Plurilingüe Compañía de María pasou unha mañá con nós, realizamos diferentes talleres e ensinámoslle a signar unha canción "Déjala que baile" tamén compartiron con nos a festa do magosto.



Magosto inclusivo

Este ano celebramos acudimos ao magosto inclusivo celebrado en Camos, Nigrán. Desfrutamos de moitas actividades e comemos moitas catañas.





Centro Juan María


Juan María Empleo S.L

Juan María Empleo S.L.

En Juan María Empleo contamos cunha plantilla de 12 traballadores e realizamos 3 actividades principalmente: limpeza de viais, limpeza do centro e reparto publicitario.

Novo local Juan María Empleo S.L.

Juan María Empleo dispón dun novo local ubicado nunha das naves no Polígono de Porto do Molle.



Estrenamos barredora

No mes de novembro estrenamos barredora industrial nos viais de Porto do Molle.



Grazas aos Colaboradores habituais



<http://centrojuanmaria.wix.com/reporterosenred>



<http://blogs.prensaescuela.es/ceejuanmariaunblogparatodos>

<http://blogdecocinajuanmaria.blogspot.com.es>



Busca Centro Juan María en Internet:



La lectura de este código le permitirá acceder desde su móvil directamente a todas nuestras páginas y redes sociales.

As Agullas, 12. Parada C.P. 36379 Nigrán

986 386914

administracion@centrojuanmaria.org